



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO  
REGISTRO XERAL

05.MAR.99 01512

SAIDA

A Resolución do 12 de novembro de 1998 polo que se acorda refundi-las **Normas de Xestión Académica da Universidade de Santiago de Compostela** (DOG do 14 de xaneiro de 1999) establece os prazos para a convocatoria dos Premios Extraordinarios entre o 15 e o 30 de novembro

Na Facultade de Xeografía e Historia, realizouse a convocatoria nos prazos establecidos, presentándose solicitudes para tódalas titulacións agás para a de Xeografía, a pesar de haber alumnos que reúnen os requisitos para optar ó mesmo, polo que a Facultade formula unha solicitude para, de xeito excepcional, abrir un novo prazo de matrícula do Premio extraordinario para a licenciatura de Xeografía.

**Por todo o indicado resolvo:**

**PRIMEIRO:** Autorizar á Facultade de Xeografía e Historia a abrir un novo prazo de matrícula para o Premio Extraordinario correspondente ó curso 1997/98 para os alumnos da Licenciatura de Xeografía .

**SEGUNDO:** A solicitude de concorrencia deberá realizarse na Unidade de Xestión Académica do 8 ó 11 de marzo. A Facultade establecerá as datas concretas para xulgar ós concorrentes ó premio extraordinario entre o 15 e o 26 de marzo.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 1999

**O RECTOR**



**Darío Villanueva Prieto**

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS, SR. SECRETARIO XERAL, SR. DECANO DA FACULTADE DE XEOGRAFIA E HISTORIA, SR. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO, SR. DIRECTOR DO COIE, SR. DIRECTOR DO SEIN, SR. XEFA DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR.